

**Esta é a historia dun neníño que era de Feás,**  
que ía sempre ó costeiro coa súa guitarra á beiriña do mar,  
e unha garciña acercábase pasenxamente para velo tocar,  
o mocíño namorouse dela, na estación primaveral.

Vendo os anos pasar, a garciña seguía co mesmo plan,  
e tardes enteirias foi el cantar á súa amada,  
ata que el coñeceu unha fermosa rapaza,  
o seu ondulado pelo como un mar tocou e empezou a bicar.

A noite comezábase a respirar,  
e os dous deitados non paraban de bicarse,  
de súpeto un olor a merda comezaba a cheirarse,  
e viron como unha garza lles cagaba desde o aire.

A garciña fuxiu cun voo maxestuoso e limpo,  
pero nunca esquecerá o rapaciño  
que lle tocaba coa súa guitarriña e que  
lle cagou nos fuciños.

A súa moza díxolle “vai cajar, mamón”  
e quedouelle unha impresionante cara de pasmón.  
O mocíño moi cabreado a guitarra ó mar tirou,  
é moi cabreado para á casa marchou.

A garciña despois de tanto tempo a guitarra atopou  
e acordouse daqueles anos dos que del se namorou.

(Juan Fachal, 1º B )